

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

DECRETO 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025.

O artigo 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas destas festas de ámbito estatal as comunidades autónomas teñen facultades de opción e tamén poderán substituír, cando haxa festas estatais que coincidan con domingo, incorporando outras da comunidade autónoma que lles sexan tradicionais.

Conforme o referido anteriormente, e facendo uso das facultades de opción e substitución, óptase polo 25 de xullo, festa de Santiago Apóstolo, como Día Nacional de Galicia. Por coincidir en domingo o día 12 de outubro, Festa Nacional de España, substitúese polo día 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do oito de xullo de dous mil vinte e catro,

DISPOÑO:**Artigo 1. Festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025**

De non se producir modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 serán as seguintes:

1 de xaneiro

Aninovo



6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)
17 de abril	Xoves Santo
18 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

Artigo 2. *Festas locais*

Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3. *Cómputo de prazos*

De acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira primeira. *Comunicación ao Ministerio de Traballo e Economía Social*

Do disposto no presente decreto darase traslado ao Ministerio de Traballo e Economía Social antes do 30 de setembro de 2024.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto producirá efectos desde o día un de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco.

Santiago de Compostela, oito de xullo de dous mil vinte e catro

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: samjta2-cme2-eyy8-xqr9-brogxq1tm9k0



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

RESOLUCIÓN do 6 de novembro de 2024, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2025, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, así como no artigo 1 do Decreto 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2025 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 143, do 24 de xullo), segundo o procedemento establecido e en virtude das resolucións ditadas para o efecto, os departamentos territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración elaboraron o calendario laboral provincial en que se determinan as festas laborais de carácter local correspondentes aos concellos da respectiva provincia -A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra-.

De conformidade co establecido no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 2 do Decreto 103/2015, do 15 de xullo, e ante a conveniencia de que se coñezan as festividades de ámbito local desta comunidade autónoma sen ter que consultar diferentes boletíns oficiais, é preciso que se lles dea publicidade nun único diario oficial.

En virtude do anterior, a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro. Dar publicidade ás festas de carácter local para o ano 2025, inhábiles para os efectos laborais, retribuídas e non recuperables, que serán para os concellos pertencentes ás provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra as que figuran, respectivamente, nos anexos I, II, III e IV.

Segundo. Lembrar que, en virtude do establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos traballadores, as empresas deberán ter exposto o calendario laboral nun lugar visible de cada centro de traballo, para o coñecemento e a consulta dos seus traballadores e traballadoras. O incumprimento do anterior constitúe unha infracción en materia laboral tipificada



no artigo 6 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2024

Pablo Fernández López
Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

ANEXO I
Calendario laboral 2025

Provincia: A Coruña

1. Abegondo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 25 de abril, festa de San Marcos.
2. Ames: 29 de maio, festa da Ascensión; 24 de xuño, festa de San Xoán.
3. Aranga: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
4. Ares: 10 de xuño, Voto de Chanteiro; 24 de xuño, festa de San Xoán.
5. Arteixo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
6. Arzúa: 24 de xuño, festa de San Xoán; 16 de xullo, festa local de Arzúa.
7. Baña, A: 22 de xaneiro, festa de San Vicente; 9 de setembro, Virxe das Dores.
8. Bergondo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
9. Betanzos: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de agosto, festa de San Roque.
10. Boimorto: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, festas do Rosario.
11. Boiro: 24 de xuño, festividade de San Xoán; 16 de xullo, festividade do Carme.
12. Boqueixón: 22 de xaneiro, festa de San Vicente; 29 de maio, día da Ascensión.
13. Brión: 29 de maio, día da Ascensión; 24 de xuño, festa de San Xoán.

CVE-DOG: 5rx0vty7-caj4-kbm1-rtf8-i0uiqnhr02n2



14. Cabana de Bergantiños: 4 de marzo, Martes de Entroido; 1 de agosto, festa de San Fins.

15. Cabanas: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, festa de San Martiño.

16. Camariñas: 24 de xuño, festividade de San Xoán; 16 de xullo, festas da Virxe do Carme.

17. Cambre: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

18. Capela, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 5 de agosto, festa patronal da Capela.

19. Carballo: 24 de xuño, festas patronais de San Xoán Bautista; 25 de xuño, festas patronais de San Xoán Bautista.

20. Cariño: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de xullo, festa do Carme.

21. Carnota: 2 de maio, festa local de Carnota; 31 de outubro, festa local de Carnota.

22. Carral: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, Virxe do Socorro.

23. Cedeira: 4 de marzo, Martes de Entroido; 13 de xuño, festa de Santo Antonio.

24. Cee: 16 de xuño, festa de Santo Adrián; 24 de xuño, festa de San Xoán.

25. Cerceda: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

26. Cerdido: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de xuño, festa local de Cerdido.

27. Coirós: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

28. Corcubión: 25 de abril, festa de San Marcos; 16 de xullo, festa do Carme.

29. Coristanco: 4 de marzo, Martes de Entroido; 9 de xuño, A Saleta, Silván.

30. Coruña, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festividade de San Xoán.

31. Culleredo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

32. Curtis: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, día da Virxe dos Remedios.



33. Dodro: 21 de abril, Luns de Pascua; 1 de setembro, festividade dos Aflixidos.

34. Dumbría: 8 de setembro, Virxe das Neves; 10 de decembro, festa de Santa Baia de Dumbría.

35. Fene: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 6 de agosto, festa de San Salvador.

36. Ferrol: 7 de xaneiro, festividade de San Xiao; 21 de abril, Nosa Señora de Chamorro.

37. Fisterra: 21 de abril, Luns de Pascua; 8 de setembro, festa local de Fisterra.

38. Frades: 4 de marzo, Martes de Entroido; 29 de setembro, festa de San Miguel.

39. Irixoa: 3 de marzo, Luns de Entroido; 4 de marzo, Martes de Entroido.

40. Laracha, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, Virxe dos Milagres de Caión.

41. Laxe: 9 de xuño, día do Peñón; 21 de xullo, festividade de Santa Cruz da Rosa.

42. Lousame: 25 de abril, festa de San Marcos; 3 de outubro, festa de San Roquiño.

43. Malpica de Bergantiños: 4 de marzo, Martes de Entroido; 22 de agosto, festa do Mar.

44. Mañón: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, festa da Patroa.

45. Mazaricos: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

46. Melide: 21 de abril, Luns de Pascua; 16 de xullo, día do Carme.

47. Mesía: 4 de marzo, Martes de Entroido; 13 de xuño, festa de Santo Antón.

48. Miño: 4 de marzo, Martes de Entroido; 28 de xuño, véspera de San Pedro.

49. Moeche: 4 de marzo, Martes de Entroido; 23 de abril, festa de San Xurxo,

50. Monfero: 3 de marzo, Luns de Entroido; 4 de marzo, Martes de Entroido.

51. Mugardos: 7 de xaneiro, festa de Mugardos; 10 de xuño, Voto de Chanteiro.



52. Muros: 24 de xuño, festa de San Xoán; 16 de xullo, festa do Carme.
53. Muxía: 21 de abril, Luns de Pascua; 15 de setembro, Luns da Barca.
54. Narón: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
55. Neda: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, festa local de Neda.
56. Negreira: 11 de xullo, festa de San Cristovo; 22 de setembro, festa de Santa Margarida.
57. Noia: 24 de xuño, festa de San Xoán; 16 de xullo, festa da Virxe do Carme.
58. Oleiros: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
59. Ordes: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de agosto, festa de San Roque.
60. Oroso: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de setembro, festa de Santa Eufemia.
61. Ortigueira: 4 de marzo, Martes de Entroido; 29 de xullo, día de Santa Marta.
62. Outes: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 29 de setembro, festa de San Campio.
63. Oza-Cesuras: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, día de San Xoán.
64. Paderne: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de agosto, festa local de Paderne.
65. Padrón: 21 de abril, Luns de Pascua; 6 de maio, festa de San Xoán do Raio.
66. Pino, O: 29 de maio, Ascensión do Señor; 22 de xullo, Santa María Magdalena.
67. Pobra do Caramiñal, A: 18 de agosto, Luns do Carme dos Pincheiros; 22 de setembro, Luns do Nazareno.
68. Ponteceso: 8 de setembro, festa local de Ponteceso; 15 de setembro, festa local de Ponteceso.
69. Pontedeume: 8 de setembro, festa das Peras; 10 de setembro, festa das Peras.



70. Pontes de García Rodríguez, As: 4 de marzo, Martes de Entroido; 21 de xullo, festa do Carme.

71. Porto do Son: 3 de marzo, Luns de Entroido; 9 de setembro, festa local de Porto do Son.

72. Rianxo: 16 de xullo, festas do Carme; 19 de setembro, Venres de Guadalupe.

73. Ribeira: 24 de xullo, festividade da Dorna; 12 de setembro, día de Santa Uxía.

74. Rois: 21 de abril, Luns de Pascua; 15 de maio, San Isidro Labrador.

75. Sada: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

76. San Sadurniño: 4 de marzo, Martes de Entroido; 2 de xullo, festividade de Santa Isabel.

77. Santa Comba: 24 de xuño, festividade de San Xoán; 30 de xuño, festividade de Santo Antonio.

78. Santiago de Compostela: 29 de maio, día da Ascensión; 16 de agosto, día de San Roque.

79. Santiso: 24 de xuño, festa de San Xoán; 15 de setembro, festa local de Santiso.

80. Sobrado: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

81. Somozas, As: 24 de xuño, festa de San Xoán; 28 de xullo, festa local das Somozas.

82. Teo: 29 de maio, festa da Ascensión; 11 de novembro, festa de San Martiño.

83. Toques: 15 de maio, día de San Cidre; 2 de setembro, día de Santo Antolín.

84. Tordoia: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.

85. Touro: 21 de abril, Luns de Pascua; 24 de xuño, festa de San Xoán.

86. Trazo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de setembro, festividade de Santa Eufemia.



87. Val do Dubra: 29 de maio, día da Ascensión; 1 de agosto, festa do Emigrante.
88. Valdoviño: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
89. Vedra: 22 de setembro, día do Patio; 10 de decembro, festa de Santa Baia.
90. Vilarmajor: 3 de marzo, Luns de Entroido; 4 de marzo, Martes de Entroido.
91. Vilasantar: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, festa de San Xoán.
92. Vimianzo: 22 de xaneiro, festa de San Vicente; 11 de agosto, festas do Verán.
93. Zas: 10 de xullo, festa de San Cristovo; 16 de xullo, festa da Virxe do Carme.

ANEXO II**Calendario laboral 2025****Provincia: Lugo**

1. Abadín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 26 de setembro, San Cosme da Montaña.
2. Alfoz: 4 de marzo, Martes de Entroido; 4 de agosto, festa dos Choferes.
3. Antas de Ulla: 24 de xuño, San Xoán; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.
4. Baleira: 4 de marzo, Martes de Entroido; 12 de agosto, San Cristovo.
5. Baralla: 27 de agosto, festas de San Vitorio; 28 de agosto, festas de San Vitorio.
6. Barreiros: 4 de marzo, Martes de Entroido; 26 de setembro, San Cosme.
7. Becerreá: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
8. Begonte: 4 de marzo, Martes de Entroido; 27 de xuño, San Pedro.
9. Bóveda: 1 de setembro, San Xil, 15 de setembro, Divino Ecce-Homo.
10. Burela: 4 de marzo, Martes de Entroido; 2 de xuño, luns das festas patronais.



11. Carballedo: 4 de marzo, festivo local; 13 de xuño, festivo local.
12. Castro de Rei: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de agosto, San Roque e Doce Nome de María.
13. Castroverde: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xullo, día anterior ao Santiago Apóstolo.
14. Cervantes: 20 de maio, festivo local; 26 de decembro, festivo local.
15. Cervo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de xullo, Nosa Señora do Carme.
16. Chantada: 26 de agosto, festa da Empanada; 8 de setembro, Virxe do Faro.
17. O Corgo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
18. Cospeito: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, Nosa Señora Virxe do Monte.
19. Folgoso do Courel: 19 de agosto, festivo local; 5 de decembro, festivo local.
20. Fonsagrada, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, festas patronais da Fonsagrada.
21. Foz: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de xullo, O Carme.
22. Friol: 4 de marzo, Martes de Entroido; 14 de xullo, Luns de Santa Isabel.
23. Guitiriz: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
24. Guntín de Pallares: 4 de marzo, Martes de Entroido; 7 de xullo, luns da festa.
25. Incio, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 15 de maio, San Eufrasio.
26. Láncara: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de agosto, Luns de San Roque.
27. Lourenzá: 4 de marzo, Martes de Entroido; 1 de setembro, Luns do Conde Santo.
28. Lugo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 6 de outubro, San Froilán.



29. Meira: 4 de marzo, Martes de Entroido; 14 de agosto, festas patronais.
30. Mondoñedo: 15 de setembro, Nosa Señora dos Remedios; 18 de outubro, San Lucas.
31. Monforte de Lemos: 22 de abril, Martes de Pascua; 13 de xuño, Santo Antón.
32. Monterroso: 10 de xullo, San Cristovo; 29 de setembro, San Miguel.
33. Muras: 4 de marzo, Martes de Entroido; 30 de xuño, San Pedro de Muras.
34. Navia de Suarna: 4 de marzo, Martes de Entroido; 22 de setembro, Virxe das Dores.
35. Negueira de Muíiz: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de agosto, Virxe da Veiga.
36. Nogais, As: 4 de marzo, Martes de Entroido; 1 de agosto, festa do Emigrante.
37. Oul: 13 de maio, Nosa Señora de Fátima; 25 de agosto, Luns de Naseiro.
38. Outeiro de Rei: 4 de marzo, Martes de Entroido; 7 de xullo, Luns de Santa Isabel.
39. Palas de Rei: 28 de xaneiro, San Tirso; 4 de marzo, Martes de Entroido.
40. Pantón: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de agosto, festas locais.
41. Paradela: 4 de marzo, Martes de Entroido; 29 de setembro, San Miguel.
42. Páramo, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 6 de xuño, festas da Primavera.
43. Pastoriza, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de outubro, San Lucas.
44. Pedrafita do Cebreiro: 13 de xuño, Santo Antón; 9 de setembro, romaría do Santo Milagre do Cebreiro.
45. Pobra do Brollón, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 27 de agosto, San Vitorio.
46. Pol: 4 de marzo, Martes de Entroido; 25 de agosto, festa do Emigrante.
47. Pontenova, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 6 de outubro, Luns das Feiras.



48. Portomarín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, Santo Cristo das Vitorias.

49. Quiroga: 21 de abril, Luns de Pascua; 11 de novembro, San Martiño.

50. Rábade: 4 de marzo, Martes de Entroido; 28 de maio, aniversario do Concello de Rábade.

51. Ribadeo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, Santa María do Campo, patroa de Ribadeo.

52. Ribas de Sil: 18 de agosto, festas patronais; 31 de outubro, San Claudio.

53. Ribeira de Piquín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 23 de abril, San Xurxo.

54. Riotorto: 4 de marzo, Martes de Entroido; 2 de maio, festivo local.

55. Samos: 4 de marzo, Martes de Entroido; 14 de xullo, San Bieito.

56. Sarria: 24 de xuño, San Xoán; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.

57. Saviñao, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 5 de agosto, festas patronais de Escarón.

58. Sober: 8 de setembro, romaría de Cadeiras; 22 de setembro, festa do Carme de Sober.

59. Taboada: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de agosto, festas da vila.

60. Trabada: 4 de marzo, Martes de Entroido; 25 de abril, San Marcos.

61. Triacastela: 4 de marzo, Martes de Entroido; 9 de setembro, Santo Milagre do Cebreiro.

62. Valadouro, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 9 de setembro, festa do Oito.

63. Vicedo, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 4 de agosto, Santo Estevo.

64. Vilalba: 4 de marzo, Martes de Entroido; 1 de setembro, Santa María, día da patroa de Vilalba.



65. Viveiro: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.
66. Xermade: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de agosto, Luns de Santa María.
67. Xove: 13 de xuño, Santo Antonio; 1 de setembro, festa patronal.

ANEXO III**Calendario laboral 2025****Provincia: Ourense**

1. Allariz: 4 de marzo, Martes de Entroido; 20 de xuño, Venres do Boi.
2. Amoeiro: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
3. Arnoia, A: 22 de maio, Santa Rita; 1 de agosto, festa do Pemento.
4. Avión: 4 de marzo, Martes de Entroido; 4 de agosto, Luns de San Roque.
5. Baltar: 4 de marzo, Martes de Entroido; 19 de marzo, San Xosé.
6. Bande: 4 de marzo, Martes de Entroido; 25 de agosto, festas de San Roque.
7. Baños de Molgas: 6 de agosto, San Salvador; 8 de setembro, Virxe dos Milagres.
8. Barbadás: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
9. Barco de Valdeorras, O: 22 de maio, Santa Rita; 15 de setembro, día hábil posterior ao día do Cristo.
10. Beade: 3 de febreiro, San Brais; 2 de xullo, Santa Isabel.
11. Beariz: 13 de xuño, Santo Antón; 4 de agosto, Santo Domingo de Gúzman.
12. Blancos, Os: 4 de marzo, Martes de Entroido; 15 de setembro, día da Virxe das Dores.
13. Boborás: 13 de xuño, Santo Antón; 19 de setembro, festa da Saleta.



14. Bola, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 2 de maio, Santa Cruz en Veiga.
15. Bolo, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 13 de decembro.
16. Calvos de Randín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 4 de agosto, festas de Calvos.
17. Carballeda de Avia: 4 de marzo, Martes de Entroido; 9 de xuño, Luns de Lodairo.
18. Carballeda de Valdeorras: 4 de marzo, Martes de Entroido; 28 de abril, Nosa Señora da Encarnación.
19. Carballiño, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 17 de setembro, día do patrón San Cibrán.
20. Cartelle: 21 de marzo, San Bieito; 22 de agosto, Nosa Señora do Mundil.
21. Castrelo de Miño: 4 de marzo, Martes de Entroido; 5 de agosto, Virxe das Neves.
22. Castrelo do Val: 17 de xaneiro, Santo Antón, 5 de marzo, Mércores de Cinza.
23. Castro Caldelas: 20 de xaneiro, San Sebastián; 8 de setembro, festa da Virxe dos Remedios.
24. Celanova: 4 de marzo, Martes de Entroido; 15 de setembro, festa da Virxe do Cristal.
25. Cenlle: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de xullo, San Bieito.
26. Chandrexa de Queixa: 4 marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, luns posterior á festa do Cordeiro.
27. Coles: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
28. Cortegada: 11 de xullo, San Bieito; 24 de xullo, festas de Cortegada.
29. Cualedro: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 13 de xuño, Santo Antón.
30. Entrimo: 28 de febreiro; 24 de xuño.
31. Esgos: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.



32. Gomesende: 17 de xaneiro, Santo Antón Abad; 13 de xuño, Santo Antón de Padua.
33. Gudiña, A: 25 de febreiro; 25 de agosto.
34. Irixo, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 13 de maio, Virxe de Fátima.
35. Larouco: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro.
36. Laza: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 2 de maio.
37. Leiro: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
38. Lobeira: 22 de xaneiro, San Vicente; 4 de marzo, Martes de Entroido.
39. Lobios: 4 de marzo, Martes de Entroido; 12 de agosto, festa do Verán.
40. Maceda: 4 de marzo, Martes de Entroido; 12 de agosto, festas patronais de Maceda.
41. Manzaneda: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de agosto, Virxe das Neves.
42. Maside: 4 de marzo, Martes de Entroido; 27 de agosto, festa do San Vitorio.
43. Melón: 13 de xuño, Santo Antón; 11 de xullo, San Bieito.
44. Merca, A: 16 de xuño, Espírito Santo; 11 de novembro, San Martiño.
45. Mezquita, A: 5 de agosto, Virxe das Neves; 11 de novembro, San Martiño.
46. Montederramo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de agosto.
47. Monterrei: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 9 de xuño, Virxe da Caridade.
48. Muíños: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
49. Nogueira de Ramuín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
50. Oímbra: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 8 de setembro, festa dos Milagres e dos Remedios.
51. Ourense: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.



52. Paderne de Allariz: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
53. Padrenda: 24 de xuño, San Xoán; 29 de setembro, San Miguel de Desteriz.
54. Parada de Sil: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro.
55. Pereiro de Aguiar, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
56. Peroxa, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
57. Petín: 17 de xaneiro; 24 de xullo.
58. Piñor: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
59. Pobra de Trives, A: 25 de agosto, San Bartolomeu; 15 de setembro, Santo Cristo da Misericordia.
60. Pontedeva: 4 de marzo, Martes de Entroido; 1 de outubro, San Breixo.
61. Porqueira: 4 de marzo, Martes de Entroido; 16 de xullo, día do Carme.
62. Punxín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 28 de abril, San Wintila.
63. Quintela de Leirado: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, Virxe dos Remedios.
64. Rairiz de Veiga: 24 de xuño; 24 de setembro.
65. Ramirás: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
66. Ribadavia: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro, luns seguinte á Virxe do Portal.
67. Ríos: 4 de marzo, Martes de Entroido; 15 de setembro.
68. Rúa de Valdeorras, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 25 de agosto.
69. Rubiá: 29 de maio, A Ascensión; 25 de agosto, San Bartolomeu.



70. San Amaro: 4 de marzo, Martes de Entroido; 15 de xullo.

71. San Cibrao das Viñas: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

72. San Cristovo de Cea: 10 de xullo; San Cristovo, 22 de setembro, festas da Saleta.

73. San Xoán de Río: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

74. Sandiás: 4 de marzo, Martes de Entroido; 21 de abril, Luns de Pascua.

75. Sarreaus: 3 de marzo, Luns de Entroido; 15 de setembro, festas patronais.

76. Taboadela: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro.

77. Teixeira, A: 4 de marzo, Martes de Entroido; 25 de novembro, día de Santa Catuxa.

78. Toén: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

79. Trasmiras: 4 de marzo, Martes de Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

80. A Veiga: 4 de marzo, Martes de Entroido; 8 de setembro.

81. Vereá: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

82. Verín: 17 de xaneiro, Santo Antón; 5 de marzo, Mércores de Cinza.

83. Viana do Bolo: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 18 de agosto.

84. Vilamarín: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.

85. Vilamartín de Valdeorras: 23 de abril, San Xurxo; 22 de xullo, Santa María Madalena.

86. Vilar de Barrio: 13 de xuño; 1 de agosto.

87. Vilar de Santos: 21 de abril, Luns de Pascua; 5 de agosto, Virxe das Neves.

88. Vilardevós: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 14 de agosto.

89. Vilariño de Conso: 3 de marzo, Luns de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.



90. Xinzo de Limia: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de xullo, festas de Santa Mariña.

91. Xunqueira de Ambía: 3 de febreiro; San Brais; 29 de abril, San Pedro.

92. Xunqueira de Espadanedo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 7 de xullo, luns das festas patronais na honra de Santa Isabel.

ANEXO IV

Calendario laboral 2025

Provincia: Pontevedra

1. Agolada: 2 de maio; 30 de xuño.

2. Arbo: 3 de febreiro, San Brais; 11 de xullo, San Bieito.

3. Baiona: 16 de xullo, día da festividade da Virxe do Carmen; 26 de setembro, festividade San Cosme e San Damián.

4. Barro: 13 de xuño, festa do Viño; 5 de outubro, romaría de San Breixo.

5. Bueu: 16 de xullo, día da festividade da Virxe do Carmen; 11 de novembro, festividade de San Martiño.

6. Caldas de Reis: 24 de xuño, San Xoán; 14 de agosto.

7. Cambados: 11 de xullo, San Bieito; 18 de xullo, Santa Mariña.

8. Campo Lameiro: 13 de xuño, Santo Antonio; 29 de setembro, San Miguel.

9. Cangas: 11 de abril, Venres das Dores; 1 de setembro, Luns do Cristo.

10. A Cañiza: 9 de xuño, romaría das Pascuillas; 15 de outubro, Santa Teresa.

11. Catoira: 14 de xullo, 4 de agosto.

12. Cerdedo-Cotobade: 28 de xullo, festividade do Ecce-Homo; 18 de agosto, San Roque.



13. Covelo: 2 de maio, seguinte á festa do traballo; 9 de xuño, festa das Pascuillas.
14. Crecente: 13 de maio; 26 de xuño.
15. Cuntis: 11 de xullo, San Bieito; 18 de agosto, Santo Antón.
16. Dozón: 22 de xullo, 2 de setembro.
17. Estrada, A: 26 de xuño, festas patronais San Paio; 27 de xuño, festas patronais San Paio.
18. Forcarei: 24 de xuño, San Xoán; 1 de setembro, Luns dos Dolores.
19. Fornelos de Montes: 21 de abril, Luns de Pascua; 12 de agosto, festas de San Lourenzo.
20. Gondomar: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de xullo, San Bieito.
21. Grove, O: 16 de xullo, festividade do Carme; 11 de novembro, San Martiño.
22. Guarda, A: 16 de xullo, Virxe do Carme; 23 de setembro, Santa Tegra.
23. Illa de Arousa, A: 7 de xaneiro; 4 de marzo, Martes de Entroido.
24. Lalín: 22 de setembro, festas patronais Virxe das Dores; 23 de setembro, festa patronais Virxe das Dores.
25. Lama, A: 28 de xullo, San Xoaquín e Santa Ana; 5 de agosto, festa das Ermidas.
26. Marín: 16 de xullo, festividade da Virxe do Carme; 8 de setembro, festividade da Virxe do Porto.
27. Meaño: 11 de xullo, San Bieito; 13 de decembro, Santa Lucía.
28. Meis: 21 de abril, Luns de Pascua (Nosa Señora das Cabezas); 11 de xullo, San Bieito.
29. Moaña: 16 de xullo, festividade do Carme; 11 de novembro, San Martiño.
30. Mondariz: 9 de xuño, Luns de Pentecostes e festividade da Franqueira; 16 de agosto, San Roque.



31. Mondariz-Balneario: 9 de xuño, día da festividade da Franqueira; 16 de xullo, festividade da Virxe do Carme.

32. Moraña: 19 de xullo, Santa Xusta; 13 de decembro, Santa Lucía.

33. Mos: 13 de xuño, festa da Rosa; 7 de agosto, San Mamede.

34. Neves, As: 29 de xullo, festividade de Santa Marta; 5 de agosto, festividade da Nosa Señora das Neves.

35. Nigrán: 24 de xuño, San Xoán; 24 de agosto, San Roque Camos.

36. Oia: 9 de xuño, festividade da Virxe do Mar; 7 de agosto, festividade de San Mamede.

37. Pazos de Borbén: 3 de marzo, Entroido; 24 de xuño, San Xoán.

38. Poio: 24 de xuño, San Xoán; 24 de setembro, día da Virxe da Mercé.

39. Pontearreas: 23 de xuño, luns seguinte á festividade do Corpus Christi; 29 de setembro, luns seguinte á festividade de San Miguel.

40. Ponte Caldelas: 21 de abril, Luns de Pascua; 3 de setembro, mércores da festa das Dores.

41. Pontecesures: 7 de xaneiro, festa de San Xulián; 7 de xullo, festa do Carme.

42. Pontevedra: 5 de marzo, Mércores de Cinza; 11 de xullo, San Bieito.

43. Porriño, O: 11 de xullo, San Bieito; 29 de setembro, día do Cristo.

44. Portas: 21 de marzo, San Bieito; 21 de abril, Luns de Pascua.

45. Redondela: 28 de abril, Luns do Cristo; 19 de xuño, Xoves da Coca.

46. Ribadumia: 21 de abril, Luns de Pascua; 6 de xuño, festa do Viño Tinto.

47. Rodeiro: 16 de xuño, Santo Antonio; 8 de setembro, Nosa Señora do Faro.

48. Rosal, O: 4 de marzo, Martes de Entroido; 18 de xullo, festividade de Santa Mariña.



49. Salceda de Caselas: 4 de marzo, Martes de Entroido; 21 de xullo, Luns do Cristo.
50. Salvaterra de Miño: 13 de maio, festividade da Virxe de Fátima; 9 de xuño, festividade de Santísimo Cristo da Vitoria.
51. Sanxenxo: 21 de abril, romaría do Con; 4 de setembro, Santa Rosalía.
52. Silleda: 11 de xullo, festa do Lacón; 25 de agosto, festa da Empanada.
53. Soutomaior: 21 de abril, Luns de Pascua; 6 de agosto, festa do Patrón.
54. Tomiño: 4 de marzo, Martes de Entroido; 15 de setembro, Luns do Alivio.
55. Tui: 4 de marzo, Martes de Entroido; 28 de abril, Luns de San Telmo.
56. Valga: 3 de febreiro, festividade de San Blas; 24 de xullo, festividade de Santa Cristina.
57. Vigo: 4 de marzo, Martes de Entroido; 28 de marzo, festa da Reconquista.
58. Vilaboa: 4 de marzo, Martes de Entroido; 11 de novembro, San Martiño.
59. Vila de Cruces: 11 de agosto, festividade da Nosa Sra. da Piedade; 12 de agosto, festividade da Nosa Sra. da Piedade.
60. Vilagarcía de Arousa: 22 de maio, festividade de Santa Rita; 16 de agosto, festividade de San Roque.
61. Vilanova de Arousa: 15 de xaneiro, San Mauro; 16 de setembro, San Cibrán.



III. OTRAS DISPOSICIONES**CONSELLERÍA DE EMPLEO, COMERCIO Y EMIGRACIÓN**

CORRECCIÓN DE ERRORES. Resolución de 6 de noviembre de 2024, de la Secretaría General de Empleo y Relaciones Laborales, por la que se da publicidad a las fiestas laborales de carácter local para el año 2025, correspondientes a los ayuntamientos de las cuatro provincias de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Advertidos errores en dicha resolución, publicada en el *Diario Oficial de Galicia* núm. 220 de 14 de noviembre, es necesario hacer las siguientes correcciones:

En el anexo III, provincia de Ourense, en la página 60347, donde dice: «83. Viana do Bolo: 5 de marzo, Miércoles de Ceniza; 18 de agosto», debe decir: «83. Viana do Bolo: 5 de marzo, Miércoles de Ceniza; 28 de febrero».

En el anexo IV, provincia de Pontevedra, en la página 60348, donde dice: «4. Barro: 13 de junio, fiesta del Vino; 5 de octubre, romería de San Breixo», debe decir: «4. Barro: 13 de junio, fiesta del Vino; 3 de octubre, romería de San Breixo».

En el anexo IV, provincia de Pontevedra, en la página 60349, donde dice: «16. Dozón: 22 de julio, 2 de septiembre», debe decir: «16. Dozón: 21 de julio, Lunes de la Virgen del Carmen; 8 de septiembre, Lunes de A Pena de Francia».

En el anexo IV, provincia de Pontevedra, en la página 60350, donde dice: «35. Nigrán: 24 de junio, San Juan; 24 de agosto, San Roque Camos», debe decir: «35. Nigrán: 24 de junio, San Juan; 1 de agosto, San Fiz»

CVE-DOG: clae9mv7-uvh6-qui1-fge9-9qg9xjpa4lr4

